



# A MÚSICA GALEGA QUE PERSISTE

En Melide existen moitos grupos de gaitas pero imos entrevistar a un do oficio de só 24 anos, Miki, profesor de bombo, tambor e gaita no grupo O Castelo.



Como seguramente xa é sabido, na nosa vila existen varios grupos de gaitas como: "Axóuxere", dirixido polos ve-

teranos Mingos ou Manolo (o profesor de lingua e literatura galega do I.E.S. de Melide); "Froito Novo", o grupo seguramente máis coñecido por

ser o máis antigo e, con isto, o máis famoso na zona; "O Castelo", o único con clases de baile galego, pandeireta, percusión e canto (xunto con instrumentos tradicionais como piñas, cunchas...); "Os melidaos"; e seguramente algún máis que aínda que non o nomee non é menos importante. Na zona tamén houbo un grupo moi relevante como "Os Garceiras", pero desgraciadamente o último compoñente morreu hai uns poucos anos.

Entre todos estes, decidín fixarme nun no que me chamou a atención a curta idade, pero a gran experiencia, dos profesores; estouvos a falar de "O Castelo", este humilde grupo formado todo por xente nova con ganas de aprender e de moita troula; ten unha profesora de pandeireta, canto e instrumentos de percusión tradicional de só 20 anos e un profesor de gaita, bombo e tambor de 24; polo que decidín facer unha pequena entrevista a este último para saber como se leva o de dar clase a estudantes que son máis que nada os seus amigos.

**¿Cantos anos levas tocando a gaita?**

Empecei aos 11, polo que, a trancas e barrancas, uns 13.

**¿De todos eses anos foron todos neste grupo?**

Si, aínda que, ben, sempre se fan colaboracións con colegas de outros grupos; e eu e uns amigos temos un grupo montado, pero digamos que non é o típico grupo de



O grupo Axóuxere

# A MÚSICA GALEGA QUE PERSISTE



*O grupo O Castelo*

gaiteiros...

**¿Ademais da gaita tocas algún instrumento máis, cantas ou bailas?**

Toco a percusión, toda de oído, como a pandeireta, e tamén formo parte do grupo de baile dos maiores.

**¿Dos trece anos que levas, cando che deron a oportunidade de dar ti as clases?**

Paréceme que no 2000, cando o outro "profe" que había dimitiu e non había a quen coller (risas).

**¿Tes algún traballo á parte ou estudas?**

Ambas, traballo, estudo e dou clases aquí e en Sobrado.

**¿E que tal se leva o de ser estudante e profesor de xente nova coma ti ao mesmo tempo?**

(Risas) Por agora nunca tiven problema, bastante ben.

**No tema das clases, ¿como escolles as cancións que lles ensinas?**

Segundo a dificultade e a práctica e soltura da persoa pero como non pode tocar cada un un repertorio ensínolles cada ano un repertorio de cancións esenciais e

tradicionais da zona.

**¿Como lles ensinas as cancións?**

De memoria, con paciencia téñenas que coller e acordar-se delas.

**"Xamais pensei en dedicar-me profesionalmente a isto, é un mundo moi complicado e que vai a peor"**

**¿E paréceche que as collen rápido ou cústalles moito?**

Normalmente cóllenas ben, nunca atopei ningún caso raro; a uns cústalles máis e a outros menos, pero ben.

**¿Algunha vez pensaches en dedicarte**

**profesionalmente a isto?**

Nunca, é un mundo moi complicado.

**Tes a música Folk moi presente día a día, ¿tamén é a que escoitas habitualmente?**

Depende do día, gústame música de todo tipo, rock, country... e moitas veces tamén Folk, a calquera gaiteiro lle gusta de maneira especial ese tipo de música.

**¿Facedes algún tipo de saídas co grupo?**

Actuamos un par de veces na televisión de Galicia, en Festivais e fixemos intercambios con grupos italianos, franceses...; despois o normal, tocar en festas e cousas polo estilo.

**E de todas esas saídas, ¿conservades algunha anécdota que se poida contar?**

(Risas) Anécdotas hai moitas, pero que se poidan contar...; non sei, un día por exemplo como case sempre imos escasos de tempo coas présas fómonos sen percusión e ao chegar a Taboada non sabíamos que facer. Menos mal que na zona tódolos grupos nos coñecemos e un grupo de Antas de Ulla nos deixou un bombo e un tambor. ¡Desgraciadamente paréceme que xa temos fama por tódalas nosas anécdotas!

